



GUÍA DOCENTE DE **ICONOGRAFÍA MUSICAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: ICONOGRAFÍA MUSICAL									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Etnomusicoloxía, Histórica.	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.		6							Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento histórico e valoración crítica da arte e das súas formas vinculadas ás imaxes musicais, desde a Antigüidade ata o século XXI. Programas iconográficos musicais en documentos escritos, arquitectura, pintura, escultura, etc. Instrumentos musicais e símbolos na cultura europea. Busca, definición, localización, clasificación e tratamento de fontes iconográficas na música.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1,T2, T4, T8, T14, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X10, X12, X14, X16, X20, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM3, EM5, EM6, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar o papel que tivo a música no desenvolvemento cultural e artístico da sociedade en cada momento.	X12, X14, X16, X20 EM2, EM7, EM3, EM5
Realizar un achegamento á iconografía musical e a organoloxía como ciencias auxiliares á Musicoloxía e como fontes documentais.	T4, X12, X14, X16, X20 EM2, EM7, EM3, EM5
Coñecer o método iconográfico para poder interpretar de modo integral a obra artística á que nos acheguemos.	T2, T14, T16, X12, EM6
Coñecer os programas iconográficos musicais en documentos escritos, arquitectura, pintura... para ser usados como recurso na historia da música.	T2, T14, T16, X12, EM6
Apreciar os recursos a disposición do musicólogo e as súas formas de utilización.	T4, T16, T17, X26, EM2, EM7
Valorar as obras artísticas e demais formas vencelladas ás imaxes musicais dende a antigüidade ata a actualidade.	T4, T16, T17, X26, EM2, EM7
Coñecer e valorar a arte e as súas formas vencelladas ás imaxes musicais.	T1, T2, T14, T16, T17, X12, X26 EM2, EM7



Analizar a obra artística desde o punto de vista musical, relacionándoa co contexto social e a estética musical da época.	T1, T2, T14, T16, T17, X12, X26 EM2, EM7
Recoñecer o tema representado, así como os instrumentos musicais, o seu grao de realismo, o desfase cronolóxico no seu caso, etc.	T8, X10, X12, X14 X20, EM3
Encontrar a xustificación da escena musical dentro do contexto artístico do autor, tendo en conta a época histórica, a sociedade, o pensamento musical, os instrumentos e agrupacións musicais da época, etc.	T8, X12, X14 X20, EM3

**4. CONTIDOS**

Introdución á Iconografía musical.
Iconografía e prehistoria.
Iconografía e mundo antigo.
Iconografía no mundo medieval.
Representacións iconográficas durante o Renacemento.
O Barroco na iconografía musical.
Iconografía musical no Clasicismo.
Século XIX e XX.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase, tempo especial de titoría	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA